Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL DO 30.05.2025

LUGAR: Sala I do edificio Miralles – Campus de Vigo
DATA: 30.05.2025

HORA DE COMEZO: **12:15 h.**
HORA DE REMATE: **15:00 h.**

LISTA DE ASISTENTES:

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Bravo Bosch, María José
Calviño Rodríguez, Xulio
Caparrini Marín, Natalia
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Fernández Zunzunegui, Emilio
García Míguez, María de los Ángeles
González Pérez, José Ignacio
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
Lesmes Romero, Yolanda
Lima González, Estela
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martínez Alonso, David
Martiño Gómez, Antonio
Mollinedo Lois, Carlos
Muleiro García, Avelino
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Santamaría Conde, Juan José

DESCULPARON ASISTENCIA:

Gómez Xunqueira, Demetrio
Novoa Rodríguez, María Sol
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

SECRETARIO:

Rodríguez Iglesias, Ignacio

Consello Social
Universidade de Vigo

O venres, 30 de maio de 2025, ás 12:15 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (25.03.2025).
2. Informe do presidente.
3. Informe do reitor.
4. Posicionamento da UVigo sobre a posta en marcha da titulación de Dereito na UIE.
5. Informe do vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente:
   a) Previsión, situación e perspectivas da oferta académica da Universidade de Vigo. Formación dual, dobres titulacións e outras (PARS, programas de simultaneidades). Modificacións non substanciais de títulos para o curso 2025/2026.
   b) Actividade do Centro de posgrao e formación permanente (CPFP). Títulos propios impartidos nas distintas modalidades. Evolución da matrícula por modalidade e Campus. Datos xerais.
6. Informe que proceda sobre as propostas de verificación ou modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento da Universidade de Vigo para o curso 2026/2027.
7. Aprobación, se procede, da proposta de prezos públicos para os títulos propios do CPFP para o curso 2025/2026.
8. Aprobación, se procede, da solicitude de prezo reducido para o Curso de Negociación colectiva e individual no ámbito laboral.
9. Aprobación, se procede, dos prezos de matrícula das microcredenciais para o curso 2024/2025.
10. Aprobación, se procede, dun prezo público en concepto de "reserva de praza" para alumnado estranxeiro de Máster.
11. Informe que proceda sobre o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos nas universidades públicas do SUG.
12. Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos cursos de Extensión Universitaria 2025 nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.
13. Aprobación, se procede, dos prezos públicos para a actividade "Campus Camp", a desenvolver durante as vacacións nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos do 29.04.2025

14. Aprobación, se procede, da elaboración e dotación económica dun estudo sobre a oferta e a demanda de aloxamentos nos tres campus da Universidade de Vigo. Identificación de necesidades e propostas de solucións.
15. Outros acordos: axudas e delegación. (Resumidos na documentación que se xunta).
16. Designación dun representante do Consello Social na Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo. Declaracións de interese. Acordo que proceda.
17. Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración para a celebración dun Campus Tecnolóxico dirixido a nenas (80% das prazas) e nenos, para fomentar a igualdade de xénero e o interese polas titulacións TIC.
18. Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración no proxecto GUESSS, unha iniciativa internacional para medir, orientar e fomentar o emprendemento estudantil e a disposición a emprender ou crear novas empresas.
19. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en febreiro, marzo e abril de 2025.
20. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes e dá comezo ao pleno, á espera da chegada do reitor, que se incorporará xa iniciada a reunión por causas sobrevidas na súa axenda. Agradece especialmente ao vicerreitor Alfonso Lago a elaboración do detallado informe que presentará ao pleno.

Consello Social
Universidade de Vigo

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (25.03.2025).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Xustifica o presidente a importancia de atender e coñecer o horizonte da formación académica da UVigo e mesmo a formación propia que ofrece e prevé incorporar. Considera a presencia do vicerreitor de Titulacións e Innovación docente especialmente acaída, dada a convulsión que se está a vivir no Sistema Universitario Galego, tanto por propostas de novos títulos dende o ámbito privado como do anuncio da UDC de implantar Medicina, e a irrupción dunha nova universidade privada na Coruña.

"Todo está ocorrendo a unha velocidade que fai máis necesario, se cabe, este pleno, para compartir a transcendencia dos cambios que se pretenden e o risco que comportan", afirma Pedrosa Silva. Sinala que, neste novo escenario, "é máis urxente que nunca" a intención anunciada polo vicerreitor de abrir unha análise interna na UVigo para a modernización da oferta académica, e engade que, cando se abra o novo mapa de titulacións, "a UVigo debe acudir á mesa negociadora con ideas e propostas debatidas, con títulos competitivos e de futuro". Declárase a favor de recobrar "o sentido e a razón", nun tempo no que haberá un cambio normativo substancial co próximo decreto regulador que elabore a Xunta de Galicia, "polo que as universidades deberán revisar procedementos e expectativas, prepararse, tomar decisión e acertar. Esperar xa non é unha opción".

Subliña a importancia que terán tamén as novas modalidades formativas que conecten a aprendizaxe coas necesidades laborais, co progreso profesional que aporte novas competencias e facilite o emprendemento. E neste eido outorga especial protagonismo ao Centro de Posgrao e Formación Permanente, e a todas as capacidades que desenvolverá (con especial mención as microcredenciais), do que tamén informará o vicerreitor.

Entre outros asuntos que aborda, dá conta das alegacións presentadas pola Conferencia de Consellos Sociais ao borrador de Real Decreto que regula novas esixencias para crear universidades privadas. Agradece ao xa exvicerreitor José Cidrás a colaboración e receptividade co Consello Social durante a súa estadía, e dá a benvida ao seu substituto á fronte da área de Planificación e Sostibilidade, Félix Quintero. Tamén refire a importancia das cifras récord de ingresos captados pola UVigo en 2024, por proxectos de investigación e transferencia de coñecemento, porque "avanzar nesa cultura propiciará equipos investigadores máis potentes e unha formación máis orientada a resolver problemas e posibilitar oportunidades para a sociedade".

O presidente agradece a Juan José Santamaría a ampla e documentada reflexión que aporta ao punto 4 da orde do día (referido á pretensión da UIE de implantar Dereito). No tocante a outros escritos remitidos polo propio Santamaría Conde, afirma o presidente que respecto das recorrentes manifestacións sobre Cidade Universitaria "e a miña pertenza ao Consello de administración, agradeceríalle que reflexionase e ponderase a súa exixencia".... "o Consello Social porá a súa atención en competencias, utilidades e afáns de utilidade para a universidade, non en disquisicións xurídicas de escaso beneficio social e de discutible valor para a nosa misión". Pídelle Ernesto Pedrosa que poña os seus valiosos coñecementos e meritorios esforzos "ao servizo de obxectivos que compartimos todos", engadindo que non todas as competencias do Consello Social merecen a mesma atención e admitindo que non todos os membros teñan a mesma visión. "por iso os presidentes debemos ter a posibilidade de "elixir os camiños". "Nesta dirección conte co meu agradecemento e receptividade", remata.

Por último agradece as referencias do reitor ao traballo que desenvolve a Comisión Económica do Consello Social, precisando Manuel Reigosa que "detectan problemas que nos axudan a mellorar". Ernesto Pedrosa anuncia finalmente a intención de reunir ao próximo pleno na Estación de Ciencias Mariñas de Toralla.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Principia Manuel Reigosa informando sobre o pronunciamento da UDC a favor de implantar Medicina, feito de xeito unilateral e sorpresivo. O reitor remítese ao acordo e ao convenio firmado en 2015, no que se consensuaba Medicina como titulación única que pertence á USC e definíase por consenso o proceso de descentralización dentro do SUG da docencia clínica para a especialización. "Os acordos deben cumprirse", di o reitor. Explica a situación específica de cada universidade respecto da aplicación e desenvolvemento do convenio, sinalando que, en liñas xerais, estase a cumprir, se ben recoñece erros e certa lentitude "que se poden resolver empurrando".

Fai unha clara declaración de intencións, arredor do respecto e a discreción: "a UVigo non renuncia a ter un papel máis relevante neste proceso, pero non lle pedirá nada á Xunta fóra da mesa de negociación do mapa de titulacións, e será despois cando demos conta dos acordos". Ao respecto afirma que hai titulacións que non se imparten en Galicia, e a UVigo ten tres Campus especializados que precisan titulacións que os fortalezan.

Lembra finalmente que todos os acordos sobre titulacións dos últimos 20 anos pecháronse "negociando", e confía en que a situación creada acabe por reconducirse.

De seguido dá conta de varios nomeamentos en cargos de xestión; a previsión de elevar os Estatutos ao Claustro a finais de ano; as bonificacións do goberno central para poñer en marcha as microcredenciais para persoas entre 25 e 64 anos, en gran parte gratuítas ou a prezos accesibles; e do pacto pola Enfermaría no SUG, e o compromiso de aumentar o número de prazas.

Remata citando distintas iniciativas de contido social, entre elas os premios UVigo-Humana nos que outorga especial valor á implicación do Consello Social.

PUNTO 4

Posicionamento da UVigo sobre a posta en marcha da titulación de Dereito na UIE.

Ao igual que fixera o presidente, o reitor agradece as reflexións e suxestións aportadas por Xosé Manuel Atanes e Juan José Santamaría, que serán incorporadas, na medida do posible, ao documento que se envíe á Consellería. Previamente, a redacción final será remitida de novo aos membros para o seu coñecemento.

Nunha rolda de intervencións, Xosé Manuel Atanes amósase crítico coas universidades privadas e é partidario de que os representantes públicos se pronuncien en contra das propostas que se están a coñecer. Na mesma liña maniféstase Mercedes Castro, en "desacordo total" coas privadas, despois de lembrar a loita para que non se duplicaran titulacións nas tres universidades, que finalmente non se respectou. Juan José Santamaría entende que a docencia xa é global xa que por vía telemática é posible matricularse en calquera universidade, e apunta que non debe sorprender que outras universidades teñan centros en Galicia, igual que a UVigo os pode ter fóra. "A competencia é boa", remata. Resposta o reitor que a UVigo non terá Campus fóra "porque nós servimos á sociedade galega", e comparte que a competencia sempre é boa "e non me preocupa". Intervén César Blanco para pedir "unión", ante liortas que son malas para o SUG, e pedindo que se respecte calquera iniciativa dunha empresa que cumpra as leis, "tamén na educación superior".

- ***O Pleno dá conformidade á redacción do pronunciamento que será remitido á Consellería.***

PUNTO 5

Informe do vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente:

a) Previsión, situación e perspectivas da oferta académica da Universidade de Vigo. Formación dual, dobres titulacións e outras (PARS, programas de simultaneidades). Modificacións non substanciais de títulos para o curso 2025/2026.

b) Actividade do Centro de posgrao e formación permanente (CPFP). Títulos propios impartidos nas distintas modalidades. Evolución da matrícula por modalidade e Campus. Datos xerais.

O vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, Alfonso Lago desenvolve a presentación deste punto con amplo apoio gráfico no que se resumen os datos máis sobranceiros dos respectivos informes dos que dá conta.

a) Nunha pormenorizada exposición, o vicerreitor explica a previsión, situación e perspectivas da oferta académica da UVigo, formación dual, dobres titulacións e outras (PARS, Programas de simultaneidade e modificacións non substanciais de títulos para o curso 2025/2026).

Tras expoñer o marco normativo e o cronograma de desenvolvemento das posibles modificacións, cuantifica os graos, mestrados e programas de doutoramento que se están a impartir no actual curso, por campus, e as novas propostas e titulacións para o curso 2025/2026. Informa así mesmo da revogación e extinción de títulos do 2024/2025, suspensión de título do 2025/2026 e Mención dual de títulos 2025/2026, entrando a ordenadas explicacións e aclaracións en detalle.

b) Alfonso Lago, con apoio gráfico, explica a natureza e función do centro, baseada en especial nos títulos propios, títulos de máster e agora tamén nas microcredenciais. Ademais da Área de formación permanente e innovación educativa e o Programa universitario de maiores, ou programas universitarios inclusivos, entre outros tipos de ensinanzas, que desagrega e identifica.

Focaliza a implantación das microcredenciais, formación de curta duración para persoas entre 24 e 65 anos, con ou sen titulación universitaria, que se acreditará cunha certificación dixital verificable en todo o mundo e que serán na maioría gratuíta, bonificada ou de custe accesible. Describe as que se imparten xa na actualidade e engade que se deberán impartir 1.548 antes de xuño de 2026. Ante a dúbida de Juan José Santamaría sobre se tal

volume non afectará ao rigor esixible, o vicerreitor aclara que o número foi establecido en función da poboación das cidades galegas, e que deberán pasar un estrito control de calidade e de aprobación.

Dá conta así mesmo de gráficas comparativas da evolución do número de cursos; do número de preinscricións, matrículas e diplomas, en diferentes tipos de formación; dos grupos e axudas de innovación docente e da evolución que rexistra por cursos e campus o Programa para maiores de 55 anos.

Remata coa evolución dos ingresos do centro durante os tres últimos cursos, segundo as distintas modalidades de ensinanza. E finalmente agradece o traballo que está a desenvolver neste ámbito o profesorado:

- ***O pleno dáse por informado.***

PUNTO 6

Informe que proceda sobre as propostas de verificación ou modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento da Universidade de Vigo para o curso 2026/2027.

Vista a documentación que se achega, e oídas as explicacións, aclaracións e informes do vicerreitor sobre cada apartado e as súas especificidades,

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTOS 7 a 13

(7) Aprobación, se procede, da proposta de prezos públicos para os títulos propios do CPFP para o curso 2025/2026.
(8) Aprobación, se procede, da solicitude de prezo reducido para o Curso de Negociación colectiva e individual no ámbito laboral.
(9) Aprobación, se procede, dos prezos de matrícula das microcredenciais para o curso 2024/2025.
(10) Aprobación, se procede, dun prezo público en concepto de "reserva de praza" para alumnado estranxeiro de Máster.
(11) Informe que proceda sobre o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos nas universidades públicas do SUG.
(12) Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos cursos de Extensión Universitaria 2025 nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.
(13) Aprobación, se procede, dos prezos públicos para a actividade "Campus Camp", a desenvolver durante as vacacións nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

Consonte o disposto no artigo 75.3.f da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, vista a documentación que se achega en cada punto e examinadas as propostas remitidas, no seu caso, pola Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente, pola Comisión de Estudos do Centro de Posgrao e Formación Permanente, Sección de Prezos Públicos e Servizo de Xestión de Extensión Universitaria, previo enunciado e resumo do presidente en todos eles, o pleno, por asentimento, ACORDA:

- ***7) Aprobar a proposta.***
- ***8) Aprobar o prezo reducido.***
- ***9) Aprobar os prezos das microcredenciais.***
- ***10) Aprobar o prezo para reserva de praza.***
- ***11) Informar favorablemente o Decreto que fixa os prezos do SUG.***
- ***12) Aprobar os prezos dos cursos de Extensión Universitaria.***
- ***13) Aprobar os prezos do Campus Camp.***

PUNTO 14

Aprobación, se procede, da elaboración e dotación económica dun estudo sobre a oferta e a demanda de aloxamentos nos tres campus da Universidade de Vigo. Identificación de necesidades e propostas de solucións.

Manifesta o presidente que este estudo ten como obxectivo analizar a situación actual da oferta e demanda de aloxamento na UVigo (con probada insuficiencia de residencias e espazos de acollida), considerando cada campus en concreto e indagando nos modelos implementados noutras universidades españolas e europeas. Reflexiona que o acceso a un aloxamento axeitado cando se accede á universidade, é un elemento clave na equidade, o benestar e o rendemento académico do alumnado. Dispor dunha vivenda accesible e de calidade non só facilita a igualdade de oportunidades e a integración na vida universitaria, senón que tamén inflúe na

permanencia e no éxito académico, na captación de estudantado internacional e mesmo nos programas de intercambio e na mobilidade dos xoves.

Carlos Mollinedo expón dúbidas sobre a validez da iniciativa, e anuncia a súa abstención.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 15

Outros acordos: axudas e delegación. (Resumidos na documentación que se xunta)

Indica o presidente que todos os asuntos tratados e os acordos adoptados están resumidos na documentación que se achega.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 16

Designación dun representante do Consello Social na Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo. Declaracións de interese. Acordo que proceda.

Introduce este punto o presidente dando conta da creación da Unidade de Diversidade da UVigo e a consignación no seu Regulamento (aínda pendente de aprobación polos órganos da UVigo) da presenza dun representante do Consello Social na comisión que se encargará de apoiar e asesorar a todos os estamentos da UVigo en materia de diversidade. Pola especificidade e a sensibilidade requiridas, Ernesto Pedrosa propón que -de xeito excepcional neste caso- se abra a elección a algún candidato que se presente voluntariamente e amose interese en asumir a representación, que se concretará nun próximo pleno.

Ábrese unha rolda de opinión sobre a conveniencia de unificar a representación en Diversidade e Igualdade de forma conxunta e nunha soa. O reitor expresa a convicción de que deben ser diferentes e separadas "porque abordan problemáticas distintas", entendendo que a representación do Consello Social debería ser para alguén con coñecementos na materia.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 17

Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración para a celebración dun Campus Tecnolóxico dirixido a nenas (80% das prazas) e nenos, para fomentar a igualdade de xénero e o interese polas titulacións TIC.

Exponse na documentación os beneficios, obxectivos e facilidades que aporta a iniciativa para unha inmersión en novas tecnoloxías e programación, promovendo as vocacións en títulos técnicos, cun 80% das prazas reservadas para nenas de 6 a 12 anos. A proposta do presidente,

- ***Apróbase unha axuda de 1.600 €.***

PUNTO 18

Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración no proxecto GUESSS, unha iniciativa internacional para medir, orientar e fomentar o emprendemento estudantil e a disposición a emprender ou crear novas empresas.

Proponse esta colaboración con proxecto GUESSS, o observatorio de análise e promoción do espírito emprendedor máis relevante a nivel internacional, no que participan arredor de 60 países, máis de 3.000 universidades e se recollen datos de máis de 200 mil estudantes universitarios. As conclusións permiten axustar as recomendacións académicas e prácticas en materia de emprendemento do alumnado. Os traballos do equipo que elaborará o traballo na UVigo esténdense ata xullo de 2026. A proposta do presidente,

- ***Apróbase unha axuda de 2.500 €.***

PUNTO 19

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en febreiro, marzo e abril de 2025.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 20

Rogos e preguntas.

Pide a palabra César Blanco para pedir unidade das universidades galegas e evitar liortas que son malas para o SUG no seu conxunto. Así mesmo pide que calquera iniciativa que proveña dunha empresa privada e cumpra as leis sexa respectada, "tamén na educación superior".

Ao fío das novas que están a aparecer nos medios sobre a intención da UDC de implantar a titulación de Medicina propia, Antonio Macho reflexiona que debe ser considerado "un asunto importante" para a sociedade e para o SUG, e entende que a UVigo debe posicionarse e marcar a súa presenza no mundo da saúde, "facendo visible que traballa e seguirá traballando nesta área na que ten excelentes profesionais en todos os campus, incluídos os hospitais asentados nos mesmos". A tal fin estima que, liderada polo Consello Social, deberase por en marcha unha campaña de difusión e divulgación sobre o mundo da saúde e o seu desenvolvemento.

Engade que este é un momento acaído por estarse implantando a infraestrutura da Facultade de Ciencias da Saúde, porque facilitará que novos estudantes se interesen por estes estudos, tanto de enfermaría como de fisioterapia, podoloxía, logopedia, e por extensión todos aqueles que baixo demanda se poden englobar na futura Facultade. Conclúe que a través da concienciación social se conseguirá incentivar a futuro alumnado da área sanitaria.

Antonio Macho roga, finalmente, que se leve a cabo un convenio de colaboración co Museo Médico Rural de Maceda, que está dentro da área de influencia da UVigo. "para desenvolver actividades conxuntas de divulgación e difusión do que significa a medicina en xeral, mediante charlas, conferencias e exposicións itinerantes do seu fondo museístico por todos os campus y cidades da área da UVigo". Considera que o custe da iniciativa sería mínimo e a repercusión mediática, "extraordinaria".

Teresa Cendón subscribe a iniciativa de Antonio Macho propoñendo unha visita ao Museo Médico Rural sito en Maceda, e fai extensible o interese ao Museo Sanitario de Vigo (MUSAVI). Na mesma intervención recoñece e agradece ao reitor a transparencia e respecto institucional que mantén ante a pretensión de implantar novas titulacións de Medicina en Galicia. Finalmente agradécelle tamén a colaboración da UVigo co proxecto de voluntariado sanitario de acompañamento a persoas maiores ingresadas, incidindo en que poida estenderse, a mais do CHUVI, aos hospitais de Pontevedra, CHOPO, e Ourense, CHOU, dado que ambos contan con campus e alumnado da Universidade de Vigo.

Juan José Santamaría reflexiona neste punto sobre diferentes temas que se recollen literalmente nun anexo a esta acta, ao igual que outras intervencións realizadas en distintos puntos da Orde do Día.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15:00 horas do 30 de maio de 2025, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado dixitalmente)

ERNESTO PEDROSA SILVA
Firmado digitalmente por ERNESTO PEDROSA SILVA
Fecha: 2025.07.18 11:40:12 +02'00'

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)

RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Firmado digitalmente por RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Fecha: 2025.07.18 12:01:10 +02'00'